

## **DECRETO NÚMERO 17011486 DO 28/12/2017**

ILMA. SRA. Dona Ana María González Abelleira, Tenenta de Alcalde- Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión.

Instruído o expediente relativo a: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DA ENTIDADE “CLUB DE HOCKEY FEMININO MEIGAS”, PARA O ANO 2017. ADXUDICACIÓN.

### **ANTECEDENTES**

I.- Informe proposta do departamento da Casa da Muller, relativo á iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da citada entidade para o ano 2017, por un importe de 3.100 €, incluíndose no mesmo o texto do convenio a asinar. A dito informe deulle a súa conformidade o Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

II.- Informe da Intervención Municipal, do día 26 de decembro de 2017, referencia 815/2017, referente á fiscalización da presente fase do expediente. RC:53682/2017

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no Acordo número 4/455 da Xunta de Goberno Local do día 07 de xullo de 2015, polo que se acorda delegar nas e nos titulares da áreas de goberno o exercicio das atribucións que lle correspondan a Xunta de Goberno Local, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservara o seu exercicio, en relación coas materia comprendidas nas súas respectivas áreas, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade “CLUB DE HOCKEY FEMININO MEIGAS”(NIF-G27250844) para o ano 2017, por importe de 3.100 euros a cargo da aplicación orzamentaria 23171.48900 (RC:53682/2017)

**SEGUNDO.** Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a citada entidade, recollido no informe proposta do citado departamento, o cal ten o seguinte teor literal:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E O CLUB DE HOCKEY FEMININO MEIGAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DENOMINADO “PARTICIPACIÓN LIGA E MANTEMENTO DA ESCOLA FEMININA DE PATINAXE E HOCKEY LIÑA 2017”.**

**CASA DA MULLER**

MJGV/vop

Refª: 1514463284794.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2017 [CLUB HOCKEY MEIGAS]

**Na casa do Concello de Lugo a, ..... de ..... de 2017**

**REUNIDOS**

Dunha banda, **Dona Ana María González Abelleira** actuando **en nome e representación do Concello de Lugo**, en virtude da súa condición de Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión do mesmo.

E doutra banda, **Dona Rebeca Fernández López**, na súa calidade de representante legal do **CLUB FEMENINO DE HOCKEY MEIGAS**

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

**MANIFESTAN**

I. Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II. Que o dito club presenta o proxecto: Participación liga e mantemento da escola feminina de patinaxe e hóckey liña 2017, que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

**ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación parcial do proxecto "PARTICIPACIÓN LIGA E MANTEMENTO DA ESCOLA FEMININA DE PATINAXE E HOCKEY LIÑA 2017" presentado polo Club de Hóckey Feminino Meigas, con suxeición as seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.- Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo, para a financiación parcial do proxecto denominado "**PARTICIPACIÓN LIGA E MANTEMENTO DA ESCOLA FEMININA DE PATINAXE E HOCKEY LIÑA 2017**" isto é para os gastos ordinarios derivados do desenvolvemento deste proxecto, por entender que estas actividades complementan as levadas a cabo polo Concello para a promoción dos dereitos das mulleres.

O labor deste club está encamiñada a:

- Práctica da actividade física e deportiva polos asociados.
- Practicar a modalidade deportiva o hockei en liña feminino.
- Fomentar a participación das mulleres neste deporte.
- Levar a cabo unha escola feminina de hockey.

## **SEGUNDA.- Compromisos das partes**

### **O Concello de Lugo comprométese a:**

- Achegar, como máximo, a cantidade de **3.100 €** para a financiación parcial do antedito programa.

### **O Club Feminino De Hockey Meigas comprométese á :**

- Desenvolver o antedito programa e aportar o persoal, o material e as instalacións necesarias para isto.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ó abeiro deste convenio.
- Promover o uso do galego, incorporando a lingua galega ás súas comunicacións de carácter escrito (páxinas webs, comunicados de presa, etc.), así como a súa utilización nas declaracións que se efectúen aos medios de comunicación e establecer o seu uso preferente na rotulación.
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións

## **TERCEIRA.- Crédito presupostario**

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2017 a cantidade de **3.100 €** con cargo á partida orzamentaria **23171.48900**.

## **CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización**

Os gastos correntes derivados do desenvolvemento do proxecto denominado "**PARTICIPACIÓN LIGA E MANTEMENTO DA ESCOLA FEMININA DE PATINAXE E HOCKEY LIÑA 2017**" ata un máximo de **3.100 €**.

En ningún caso serán subvencionables os gastos xenéricos que non estean directamente vinculadas coa actividade ou proxecto obxecto da subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios que non estean directamente relacionados coa actividade ou proxecto subvencionado.

O prazo de realización da actividade será o ano 2017.

## CASA DA MULLER

MJGV/vop

Refª: 1514463284794.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2017 [CLUB HOCKEY MEIGAS]

### QUINTA.- Execución do convenio

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización da actividade tales como viaxes, comidas e outros gastos que se desenrolen ao longo da tempada deportiva na que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo (100%) da actividade subvencionada.

Non se asumen pagos anticipados nin abonos a conta, podendo o beneficiario acordar o financiamento necesario polos medios que crea convites para o desenvolvemento da actividade.

En xeral, esta subvención considerase compatible con outras sempre que o conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non supere o 100% do custo da actividade a desenvolver.

### SEXTA.- Xustificación e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, os beneficiarios deberán **presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, dirixida á Casa da Muller** a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa:

a) Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do programa, con expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, no seu caso, un exemplar de todos os materiais elaborados (carteis, folletos, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc* e que complementa a xustificación da actividade subvencionada). No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.

b) Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada. Presentarase ademais declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de facturas de máis de 2.500 euros deberán xustificarse a realización da transferencia bancaria.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do receptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e receptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) Declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado.

d) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada segundo modelo normalizado.

e) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificacións abonáronse efectivamente.

f) Declaración de que os impostos indirectos devengados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificadas a parte da base imponible.

Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados **na Casa da Muller**, xestora do expediente administrativo cun selo existente para ó efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe a aplicar ó presente convenio. Os documentos serán orixinais, e se presentasen fotocopias deberán ser dilixenciadas pola antedita oficina xestora, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

A data límite para xustifica-la totalidade da subvención concedida será de **20 días hábiles dende a firma do convenio**. No caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que levará consigo a perda do dereito de cobro da subvención.

Ós efectos de xustificación as asociacións ou entidades beneficiarias deberán xustificar o gasto correspondente ó importe da subvención concedida.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

#### **SETIMA.- Duración do convenio.**

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, sen posibilidade de prórroga. No obstante, os seus efectos económicos retrotráense ó 1 de xaneiro.

#### **OITAVA.- Modificación do Convenio.**

## **CASA DA MULLER**

MJGV/vop

Refª: 1514463284794.doc

Asunto: SUBV. NOMINATIVA 2017 [CLUB HOCKEY MEIGAS]

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.

### **NOVENA.- Comisión de Seguimento**

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Tenenta de Alcalde delegada da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

### **DÉCIMA.- Causas de resolución.**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

### **DÉCIMA PRIMEIRA.- Réxime xurídico.**

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais normativas de aplicación, someténdose a aplicación dá Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula

novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

POLO CONCELLO DE LUGO

POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

ANA Mª GONZÁLEZ ABELLEIRA

REBECA FERNÁNDEZ LÓPEZ”

**TERCEIRO.** Aprobar a autorización e disposición do gasto de 3.100 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23171.48900 do vixente Orzamento municipal de 2017, a favor da entidade “CLUB HOCKEY FEMININO MEIGAS” (NIF:G-27250844) para o ano 2017, por importe de 3.100 euros a cargo da aplicación orzamentaria 23171.48900 (RC:53682/2017)

**CUARTO.** Notificar a presente resolución ás partes interesadas e ás dependencias municipais afectadas. Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.